

## PROTOCOLO COVID-19 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A continuación especificanse os cambios que se levarán a cabo nas actividades extraescolares, motivados pola situación actual causada pola COVID-19.

- Modificáronse as zonas de recollida dos alumnos para evitar aglomeracións en zonas de paso ou recepción. (Ver máis abaixo)
- Todos os alumnos deben utilizar máscara durante todo o tempo de actividade e traslados.
- Todos os alumnos manterán a distancia de seguridade de 1.5 metros durante as actividades e traslados, enfocándose no traballo individual. **NON HABERÁ GRUPOS BURBULLA.**
- Os alumnos soamente coincidirán con alumnos da súa mesma etapa.
- Limitouse o número de alumnos por actividade segundo o espazo no que se realiza a mesma. A aceptación dun alumno na actividade será mediante **ESTRICTO ORDE DE INSCRIPCIÓN.** (Ver máis abaixo)
- A inscrición nas actividades poderase facer en papel, entregando a ficha na administración ou de maneira **DIXITAL**, cubrindo o formulario en pdf que se atopa na web do colexio e enviándoo ó seguinte correo:  
[comedoryextraescolares@ourense.anamogas.org](mailto:comedoryextraescolares@ourense.anamogas.org)
- Os alumnos non poderán compartir material igual que nas horas lectivas, en caso de necesitar algún material, este será especificado polo monitor o primeiro día.
- Os alumnos utilizarán o xel hidroalcohólico o inicio e final de actividade.
- En caso de ter que utilizar material do colexio, este será desinfectado.
- As zonas de actividades serán ventilades correctamente.
- Os alumnos en ningún caso se desprazarán sos polo centro, no tempo de espera estarán co monitor correspondente, nun espazo habilitado.
- Cumpríranse de xeito estrito os horarios marcados para garantir a seguridade dos alumnos.
- En caso de detectar un contaxio, avisarase inmediatamente ó equipo COVID do centro.



- En ningún caso se poderán utilizar os vestiarios, os alumnos deberán utilizar a roupa que traian durante o día. En caso de ter que cambiar as zapatillas ou algunha outra prenda, farano nunha zona afastada.
- As pertenzas dos alumnos deixaranse nunha zona afastada, dentro da zona da actividade, e cunha distancia entre elas de 1.5 metros.
- En caso de necesitalo, os alumnos traerán a súa propia botella de auga e toalla, en ningún caso se pode compartir ou facer uso dos vestiarios.

#### - Alumnado máximo por actividade:

- Baloncesto (MAX 16/ preferencia a alumnos de outros anos)
- Campións (MAX 15)
- Campións Infantil (MAX 15)
- Pequedanza (MAX 12)
- Danza creativa (MAX 12)
- Baile Moderno (MAX 15)
- Ximnasia Acrobática (MAX 15)
- Kidcode 1, 2 y 3 (MAX 12 cada grupo)
- Patinaxe Iniciación, intermedio y perfeccionamento (MAX 15 cada grupo/ preferencia a alumnos de outros anos)
- Pintura Infantil e Primaria (MAX 15 cada grupo)
- Teatro Infantil e Primaria (MAX 15 cada grupo)
- Música Infantil e Primaria (MAX 12 cada grupo)
- Mayumaná Sport (MAX 15)
- Ciencia divertida (MAX 10)
- Fútbol Primaria (MAX 12 cada grupo)
- Enjoy English Infantil e Primaria (MAX 15 cada grupo)
- Proxecto Ábaco (MAX 12)



## Zonas e horarios de recollida:

- **Infantil**: os alumnos de infantil que queden a actividades pola tarde de luns a xoves, serán recollidos por seus pais na capilla a hora habitual de finalización da actividade (18:30). A recollida realizarase de un en un e debe cumprir as normas de seguridade e de circulación polo centro.
- **Primaria**: os alumnos de primaria que queden a actividades pola tarde de luns a xoves, serán recollidos por seus pais no patio (acceso por Manuel Pereira) a hora habitual de finalización da actividade (18:40). A recollida realizarase do mesmo xeito que a recollida das horas lectivas de un en un e cumprindo as normas de seguridade e de circulación polo centro.
- **Actividades dos venres**: os alumnos das diferentes etapas que queden a actividades pola tarde os venres, serán recollidos por seus pais no patio (acceso por Manuel Pereira) a hora habitual de finalización da actividade. A recollida realizarase do mesmo xeito que a recollida das horas lectivas de un en un e cumprindo as normas de seguridade e de circulación polo centro.

*\* A actividade de KidCode sempre entrará e sairá pola porta principal de Cardeal Quevedo.*

*\* Os alumnos da primeira quenda de actividades (15:30 a 16:30) que no quedaran ao comedor pero veñan a actividades, serán recollidos na porta principal (Rúa Cardeal Quevedo) polo monitor ou por persoal do centro a hora de inicio habitual da actividade.*

*\* Os alumnos da segunda quenda (16:30 a 17:30) das actividades de Baile e Patinaxe entrarán polo portalón de Manuel Pereira e serán recollidos polo mesmo lugar.*

